

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 5 de maio de 2017

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D. Carlos López Font
M^a José Caride Estévez
D. Angel Rivas González.
D^a. M^a. Isaura Abelairas Rodríguez
D. Jaime Aneiros Pereira.

NON ASISTEN:

D^a M^a. Carmen Silva Rego
D. David Regades Fernández
D. Cayetano Rodríguez Escudero.
D^a. Olga Alonso Suárez

Invitados;

D. Santos Hector Rodríguez Díaz

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e trinta e nove minutos do día cinco de maio de dous mil dezasete e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Abelairas Rodríguez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión EXTRAORDINARIA E URXENTE de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, o secretario de Admón. Municipal, Sr. Lorenzo Penela, por auxencia da titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, e o interventor xeral, Sr. Escariz Couso.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(421).- RATIFICACIÓN DA URXENCIA.

A Xunta de Goberno local ratifica a urxencia da sesión.

2(422).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN PARA A ADXUDICACIÓN DAS AUTORIZACIÓNS PARA A OCUPACIÓN, INSTALACIÓN E EXPLOTACIÓN DOS SERVIZOS DE TEMPADA NAS PRAIAS DO TERMO MUNICIPAL DE VIGO- ANO 2007. EXPTE. 12376/306.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico de data 21/04/17, e o informe de fiscalización do 26/04/17, dáse conta do informe-proposta do 4/05/17, asinado polo xefe do Servizo de Medio Ambiente e a concelleira delegada de dito Servizo, que di o seguinte:

1.- A Xunta de Goberno Local en sesión do 23 de febreiro de 2017, acordou aprobar o Plan de ocupación, instalación e explotación de servizos de tempada: quioscos nas praias do termo municipal de Vigo para o ano 2017 (expte. 12376/306), cos seguintes quioscos:

| DESCRIPCIÓN | EMPRAZAMENTO | ZONIFICACIÓN, LEI DE COSTAS |
|-------------|------------------------------|---|
| QUIOSCO 1 | Areal da Punta. A Guía | Propiedade municipal, Zona de servidume de tránsito |
| QUIOSCO 2 | Areal de Santa Baía, Alcabre | Propiedade municipal, Zona de servidume de protección |
| QUIOSCO 3 | Areal do Tombo do Gato | Propiedade municipal, Zona de servidume de protección |
| QUIOSCO 4 | Areal do Tombo do Gato | Propiedade municipal, Zona de servidume de protección |
| QUIOSCO 5 | Areal de Argazada | Propiedade municipal, Zona de servidume de protección |
| QUIOSCO 6 | Areal de Samil | Propiedade municipal, Zona de servidume de protección |
| QUIOSCO 7 | Areal de Samil | Propiedade municipal, Zona de servidume de protección |
| QUIOSCO 8 | Areal de Samil | Propiedade municipal, Zona de servidume de protección |
| QUIOSCO 9 | Areal do Vao | Dominio público marítimo terrestre |
| QUIOSCO 10 | Areal do Vao | Dominio público marítimo terrestre |
| QUIOSCO 11 | Areal da Etea | Dominio público marítimo terrestre |

e solicitar as autorizacións sectoriais do Servizo Provincial de Costas do Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente (Quioscos nºs. 1, 9, 10 e 11) e da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio (Secretaría Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo) (Quioscos nºs. 2, 3, 4, 5, 6, 7 e 8).

Tamén, acordou que unha vez solicitadas as autorizacións sectoriais antes citadas, o Concello procederá á redacción dos pregos que rexeran o procedemento de licitación da autorización garantindo os principios de publicidade, obxectividade, imparcialidade, transparencia e concorrencia competitiva, para a adxudicación das autorizacións de conformidade co previsto nos artigos 53 da Lei 22/1988, de 28 de xullo de costas, 113 do Real decreto 876/2014, de 10 de outubro, Decreto 158/2005, 86 e 91 da Lei 33/2003, de 3 de novembro, del Patrimonio das Administracións Públicas e concordante normativa de aplicación; á aprobación destes e a efectuar o procedemento de licitación.

Unha vez recibidas as autorizacións sectoriais (Estado e Xunta de Galicia) proceder a súa incorporación ó procedemento e ao outorgamento das autorizacións ós terceiros que resulten do procedemento de licitación incorporando o contido das autorizacións sectoriais para o seu cumprimento.

2.- En data 2 de marzo de 2017, solicitáronse as correspondentes autorizacións sectoriais do Servizo Provincial de Costas do Ministerio de Agricultura e Pesca, Alimentación e Medio Ambiente (MAPAPA), para os quioscos nºs. 1, 9, 10 e 11 situados en terreos de dominio público marítimo terrestre e na zona de servidume de tránsito e da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio (Secretaría Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo) para os quioscos nºs. 2, 3, 4, 5, 6, 7 e 8 situados en terreos de dominio público municipal dentro da zona de servidume de protección do dominio público marítimo terrestre.

3.- A xefa do Servizo Provincial de Costas do MAPAMA en data do 4 de abril de 2017, autorizou a ocupación do dominio público marítimo terrestre e da zona de servidume de tránsito para a explotación dos servizos de temporada quioscos nas praias de Vigo no ano 2017 (Quioscos nºs. 1, 9, 10 e 11).

4.- O servizo de Medio Ambiente elaborou memoria xustificativa do canon mínimo esixible e condicións das autorizacións obxecto de licitación.

5.- O servizo de Contratación elaborou o prego de condicións que rexerá a licitación das autorizacións para a ocupación, instalación e explotacións dos servizos de temporada: quioscos por terceiros particulares nas praias do Concello de Vigo polo procedemento aberto.

O prego reflicte un total de 11 lotes que coincide co número de quioscos que se instalarán.

O único criterio de adxudicación, logo da cualificación de aptitude, é o maior incremento do canon mínimo fixado na cláusula 4ª. Outorgaranse 100 puntos á oferta que inclúa un maior incremento do canon e as restantes valoraranse proporcionalmente con aquela.

O prazo das autorizacións será para o período comprendido entre o 1 de xuño de 2017 ata o 30 de setembro de 2017, sen prexuízo da posibilidade de prórroga dun ano nos termos reflectidos no prego.

O canon mínimo a aboar ó concello por cada un dos lotes determinouse en función dos seguintes criterios:

a) Quioscos situados en DMPT estatal:

O maior que resulte de aplicar o canon establecido polo Servizo Provincial de Costas do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, incrementado no importe das taxas municipais segundo a Ordenanza fiscal por aproveitamento especial de terreos de dominio público con instalacións de quioscos (superficie cerrada) e a Ordenanza fiscal por aproveitamento especial ou utilización privativa do dominio público (superficie de terraza ou aberta) ou o maior canon das últimas dúas adxudicacións das autorizacións, anos 2013 e 2015, coa redución do 40 por cento.

b) Quioscos situados en terreos de titularidade municipal:

O maior que resulte de aplicar o importe da suma das taxas municipais segundo a Ordenanza fiscal por aproveitamento especial de terreos de dominio público con instalacións de quioscos (superficie cerrada) e a Ordenanza fiscal por aproveitamento especial ou utilización privativa do dominio público (superficie de terraza ou aberta) ou o maior canon das últimas dúas adxudicacións, ano 2013 e ano 2015, coa redución do 40 por cento.

Os citados criterios xustifícanse en que o canon debe ser acorde co valor que tería no mercado a utilización derivada do aproveitamento se os bens non fosen de dominio público polo que, cando menos, debe ser igual ou superior ás taxas que resultarían de aplicación das Ordenanzas fiscais municipais ao abeiro do establecido no artigo 24 do RDL 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o TRLFL, tendo, ademais, en consideración o importe do canon adxudicado nos últimos anos.

6.- A Asesoría Xurídica municipal emitiu o preceptivo informe sobre o prego de condicións en data 20 de abril de 2017.

As autorizacións obxecto da licitación é para a ocupación privativa do dominio público con quioscos de temporada nas praias con instalacións desmontables e por período que non supera os catro anos.

As dos quioscos 9, 10 e 11 corresponde á ocupación de dominio público marítimo terrestre previsto na Lei 22/1988, de 28 de xullo, de costas, e no regulamento que a desenvolve aprobado por Real decreto 876/2014, de 10 de outubro, cuxa ocupación e explotación pode realizar o Concello a través de terceiros e trala aprobación do correspondente plan de ocupación e explotación dos servizos de temporada polo Servizo Provincial de Costas, debendo respectar os principios de publicidade, obxectividade, imparcialidade, transparencia e concorrencia competitiva (artigos 26, 53 da Lei 22/1998, de 28 de xullo, e 110, 113 do Rd 876/2014, de 10 de outubro).

As dos quioscos 1, 2, 3, 4, 5, 6, 7 e 8 corresponde á ocupación de dominio público municipal, o primeiro na zona de servidume de tránsito da Lei de Costas (suxeito a autorización sectorial do Servizo Provincial de Costas) e os restantes na zona de servidume de protección da dita Lei (suxeitos á autorización sectorial da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio), cuxo outorgamento debe acomodarse ó previsto na lexislación de réxime local sobre bens e na Lei 33/2003, de 3 de novembro, de patrimonio das Administracións Públicas (LPAP), a través dun procedemento de pública concorrencia o estar o seu número limitado (artigo 26 da Lei 22/1988, de 28 de xullo, e 86.2., 92 e 96 da LPAP).

7.- Resulta necesaria a tramitación urxente do expediente xa que no período estival -comprendido do 1 de xuño ao 30 de setembro- as praias teñen unha gran afluencia, resultando necesario que estean en funcionamento os servizos hixiénico-sanitarios de uso públicos que levan asociados ditos quioscos. Non é posible a aprobación do expediente de contratación ata obter as autorizacións sectoriais do Servizo Provincial de Costas de Pontevedra do MAPAMA e da Secretaría Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio e coas que debe cumprir o adxudicatario e que, por tanto, debe coñecer e que, tamén, son condición necesaria para outorgar as autorización o que imposibilita a aprobación do expediente de contratación ata que estas sexan outorgadas.

8.- En fecha 21/04/2017, o xefe do servizo de Medio Ambiente, Sanidade e Consumo, coa conformidade do concelleiro delegado de Área, formulou a proposta que deseguido se transcribe á Xunta de Goberno Local, previo preceptivo informe da Intervención Xeral e da incorporación ó expediente da autorización sectorial da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio (Secretaría Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo) para os quioscos nºs. 2, 3, 4, 5, 6, 7 e 8.

9.- A Intervención xeral municipal en data 26/04/2017, emitiu informe de conformidade tendo en conta a necesidade de incorporar ó expediente a autorización sectorial antes citada.

10.- No día de hoxe, recíbese por e-mail da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, copia notificación con rexistro de saída do 3/05/2017 da resolución da directora xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio da autorización da Comunidade Autónoma na zona de servidume de protección do dominio público marítimo terrestre para a instalación dos quioscos de temporada nas praias nºs. 2, 3, 4, 5, 6, 7 e 8, durante o ano 2017, dende o 1 de xuño ata o 30 de setembro, que se incorporou ó expediente, sen prexizo da posterior que se reciba por correo postal ordinario.

11.- A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local (apartado 3 da disposición adicional segunda do TRLCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En mérito ó que antecede, PROPONSE á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

1º.- Declara-la urxencia na tramitación do expediente 12376-306 para adxudicación das autorizacións de ocupación, instalación e explotación de servizos de temporada: quioscos nas praias do concello de Vigo durante a tempada estival do ano 2017.

2º.- Aproba-lo prego de cláusulas administrativas para a ocupación, instalación, e explotación de servizos de temporada nas praias do concello de Vigo durante a tempada estival do ano 2017, asinado dixitalmente o 20 de abril de 2017.

3º.- Dispoñer a apertura do procedemento de licitación polo procedemento aberto e trámite urxente conforme ó establecido na lexislación de aplicación”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

3(423).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DOS SERVIZOS DE REDACCIÓN DO PROXECTO DE HUMANIZACIÓN DA ESTRADA PROVINCIAL EP-2002 GRAN VÍA- AVDA. MADRID. RÚA EMILIO PARDO BAZÁN, ENTRE GRAN VÍA E AVDA. ARQUITECTO PALACIOS. EXPTE. 4513/440.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 2/05/17, e o informe de fiscalización do 4/05/17, dáse conta do informe-proposta do 4/05/17, asinado polo xefe do Servizo Administrativo e de Control Orzamentario, o concelleiro delegado da Área de Fomento e o concelleiro de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

I.- Antecedentes.

1.- A Xunta de Goberno Local, na sesión do 27 de decembro de 2016, entre outros asuntos acordou a aprobación do “CONVENIO DE COLABORACIÓN COA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA PARA A CESIÓN AO CONCELLO DE VIGO DA “ESTRADA PROVINCIAL 2002- GRAN VÍA AVDA. MADRID. RÚA EMILIA PARDO BAZÁN” E PARA A EXECUCIÓN DO PROXECTO DE HUMANIZACIÓN DA “ESTRADA PROVINCIAL 2002- GRAN VÍA AVDA. MADRID. RÚA EMILIA PARDO BAZÁN, NO TREITO ENTRE GRAN VÍA E A AVDA. ARQUITECTO PALACIOS. EXPTE. 4152/440”.

2.- En data 16.03.2017 o Enxeñeiro de Caminos, Canais e Portos municipal e o Xefe do Servizo Adminsitrativo e Control Orzamentario conclúen a necesidade da contratación da redacción do proxecto de obras de humanización da Estrada Provincial 2002-Gran Vía – Avda. Madrid. Rúa Emilia Parzon Bazán, no terito entre Gran Vía e a Avda. Arquitecto Palacios”

3.- No expediente inclúese a seguinte documentación:

-Informe xustificativo da conveniencia e necesidade do contrato de servizos de redacción do proxecto de obras de humanización da Estrada Provincial 2002-Gran Vía – Avda. Madrid. Rúa Emilia Parzon Bazán, no terito entre Gran Vía e a Avda. Arquitecto Palacios”

–Resolución de inicio do expediente do 2ºT.Alcalde e Concelleiro delegado da Area de Fomento de data 16.03.2017

–Convenio suscrito pola Deputación Provincial e o Concello de Vigo de data 30.12.2016

–Decreto 20/2017 da Xunta de Galicia (DOG núm. 40) de 27.02.2017 polo que se aproba o cambio de titularidade da Estrada.

–Prego de prescricións técnicas particulares atópase, redactadas polo Enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos municipal de data 21.03.2017, xunto co anexos 1 (plano ámbito actuación)

–Prego de Cláusulas Administrativas Particulares, redactado pola Técnica de Administración Xeral e a Xefa do Servizo de Contratación Beatriz Barbará Rodríguez, de data 28 de abril de 2017, así como informe favorable ao expediente do Servizo de Contratación de 17.04.2017

–Informe favorable da Asesoría Xurídica de data 2 de maio de 2017.

II.- Fundamentos técnicos e xurídicos.

Primeiro.- A iniciación do expediente de contratación corresponde ao Órgano de Contratación (artigo 109.1 TRLCS), que nos municipios de grande poboación, como é o de Vigo, é a Xunta de Goberno Local (disposición adicional 2ª. 3 TRLCSP) e, por delegación deste (acordo da Xunta de Goberno Local de 15 de xullo de 2013), aos concelleiros de Area.

Segundo.- Consta na memoria xustificativa elaborada polo servizo xestor a xustificación dos requisitos esixidos pola D.A. 6ª da LO 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira e disposición adicional 16ª do TRLRFL.

Terceiro.- No expediente xustifícase o procedemento elexido para a contratación, así como os criterios que se terán en conta para a adxudicación do contrato; criterios que se refiren ás características do obxecto do contrato e nos que se dá preponderancia a aqueles que poden valorarse mediante cifras ou porcentaxes obtidos a través de fórmulas matemáticas establecidas no PCAP reitor do contrato.

Cuarto.- A Asesoría Xurídica, con data 02.05.2017 emitiu o informe esixido pola D.A. Segunda, apartado 7 TRLCSP en sentido favorable, sen prexuízo da fiscalización que do mesmo corresponda facer a Intervención Xeral.

Sétimo.- A aprobación do expediente de contratación correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación (D.A. Segunda, apartado 3 TRLCSP), unha vez se incorpore ao mesmo o documento contable acreditativo da existencia de crédito adecuado e suficiente para financiación das obras e o informe favorable de fiscalización a Intervención Xeral, de conformidade co previsto no artigo 109.3 do TRLCSP.

Por todo o exposto, e unha vez se incorporen ao expediente o documento contable e o informe de fiscalización que van ditos, proponse á Xunta de Goberno Local que adopte o seguinte acordo:

Primeiro: Aprobar a contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria dos servizos de redacción do proxecto de obras de humanización da Estrada Provincial 2002-Gran Vía – Avda. Madrid. Rúa Emilia Parzon Bazán, no treito entre Gran Vía e a Avda. Arquitecto Palacios”

Segundo: Aprobar o prego de cláusulas administrativas particulares que rexerá a contratación, redactado pola Técnica de Administración Xeral e a Xefa do Servizo de Contratación de data 28.04.2017 e o prego de prescricións técnicas, de data 21.03.2017 redactado polo Enxeñeiro de Caminos, Canais e Portos municipal.

Terceiro: Autorizar o gasto por importe de SETENTA E DOUS MIL OITOCENTOS SETENTA E CATRO EUROS CON CUARENTA E NOVE CÉNTIMOS (72.874,49€) sendo o importe correspondente ao IVE de 12.647,64€.

Para a súa financiación aplicaranse os créditos do vixente orzamento do Concello de Vigo, incluídos na aplicación orzamentaria 1532.619.00.20 – Humanización da Rúa Emilia Pardo Bazán, entre Gran Vía e Avenida Arquitecto Palacios (proxecto 17153220)

O Valor estimado do contrato estipúlase en SESENTA MIL DOUSCENTOS VINTE E SEIS EUROS CON OITENTA E CINCO CÉNTIMOS (60.226,85€)

Cuarto.- Abrir o procedemento licitatorio para selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

4(424).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DOS SERVIZOS PARA A REDACCIÓN DO PROXECTO DE HUMANIZACIÓN DA ESTRADA PROVINCIAL EP-2011 CALVARIO A GARRIDA. TRAMO IGREXA DE BEADE A GARRIDA (PO 330). LUGAR DE PORTO. EXPTE. 4472/440.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 2/05/17, e o informe de fiscalización do 4/05/17, dáse conta do informe-proposta do 4/05/17, asinado polo xefe do Servizo Administrativo e de Control Orzamentario, o concelleiro delegado da Área de Fomento e o concelleiro de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

I.- Antecedentes.

1.- A Xunta de Goberno Local, na sesión do 29 de decembro de 2016, acordou, entre outros asuntos a aprobación do “CONVENIO DE COLABORACIÓN COA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA PARA A CESIÓN AO CONCELLO DE VIGO DA “ESTRADA PROVINCIAL 2001- CALVARIO A GARRIDA. TRAMO IGLESIA DE BEADE A GARRIDA (PO 330), LUGAR DE PORTO, ENTRE REGATO QUINTIÁN E O Nº 77 DA ESTRADA DO PORTO” E PARA O FINANCIAMENTO E EXECUCIÓN DAS OBRAS PRECISAS PARA A SÚA TRANSFORMACIÓN E AMPLIACIÓN. 4220/440

2.- En data 24.03.2017 o Enxeñeiro de Caminos, Canais e Portos municipal e o Xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario conclúen a necesidade da contratación da

redacción do proxecto de obras de humanización da Estrada Provincial EP-2001 Calvario La Garrida. Tramo Igrexa de Beade A Garrida (PO 330). Lugar de Porto.

3.- No expediente inclúese a seguinte documentación:

-Informe xustificativo de data 24.03.2017 da conveniencia e necesidade do contrato de servizos de redacción do proxecto de obras de humanización da Estrada Provincial EP-2001 Calvario La Garrida. Tramo Igrexa de Beade A Garrida (PO 330). Lugar de Porto.

-Resolución de inicio do expediente do 2ºT.Alcalde e Concelleiro delegado da Area de Fomento de data 30.03.2017

-Convenio suscrito pola Deputación Provincial e o Concello de Vigo de data 30.12.2016

-Decreto 22/2017 da Xunta de Galicia (DOG núm. 40 de 06.03.2017) polo que se aproba o cambio de titularidade da estrada.

-Prego de prescricións técnicas particulares atópase, redactadas polo Enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos municipal de data 30.03.2017, xunto co anexo 1 (plano ámbito actuación)

-Prego de Cláusulas Administrativas Particulares, redactado pola Técnica de Administración Xeral e a Xefa do Servizo de Contratación Beatriz Barbará Rodríguez, de data 28 de abril de 2017, así como informe favorable ao expediente do Servizo de Contratación de 18.04.2017

-Informe favorable da Asesoría Xurídica de data 2 de maio de 2017.

II.- Fundamentos técnicos e xurídicos.

Primeiro.- A iniciación do expediente de contratación corresponde ao Órgano de Contratación (artigo 109.1 TRLCS), que nos municipios de grande poboación, como é o de Vigo, é a Xunta de Goberno Local (disposición adicional 2ª. 3 TRLCSP) e, por delegación deste (acordo da Xunta de Goberno Local de 15 de xullo de 2013), aos concelleiros de Area.

Segundo.- Consta na memoria xustificativa elaborada polo servizo xestor a xustificación dos requisitos esixidos pola D.A. 6ª da LO 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira e disposición adicional 16ª do TRLRFL.

Terceiro.- No expediente xustifícase o procedemento elexido para a contratación, así como os criterios que se terán en conta para a adxudicación do contrato; criterios que se refíren ás características do obxecto do contrato e nos que se dá preponderancia a aqueles que poden valorarse mediante cifras ou porcentaxes obtidos a través de fórmulas matemáticas establecidas no PCAP reitor do contrato.

Cuarto.- A Asesoría Xurídica, con data 02.05.2017 emitiu o informe esixido pola D.A. Segunda, apartado 7 TRLCSP en sentido favorable, sen prexuízo da fiscalización que do mesmo corresponda facer a Intervención Xeral.

Sétimo.- A aprobación do expediente de contratación correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación (D.A. Segunda, apartado 3 TRLCSP), unha vez se incorpore ao mesmo o documento contable acreditativo da existencia de crédito

adecuado e suficiente para financiación das obras e o informe favorable de fiscalización a Intervención Xeral, de conformidade co previsto no artigo 109.3 do TRLCSP.

Por todo o exposto, e unha vez se incorporen ao expediente o documento contable e o informe de fiscalización que van ditos, propónse á Xunta de Goberno Local que adopte o seguinte acordo:

Primeiro: Aprobar a contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria dos servizos de redacción do proxecto de obras de humanización da Estrada Provincial EP-2001 Calvario La Garrida. Tramo Igrexa de Beade A Garrida (PO 330). Lugar de Porto.

Segundo: Aprobar o prego de cláusulas administrativas particulares que rexerá a contratación, redactado pola Técnica de Administración Xeral e a Xefa do Servizo de Contratación de data 28.04.2017 e o prego de prescricións técnicas, de data 30.03.2017 redactado polo Enxeñeiro de Caminos, Canais e Portos municipal.

Terceiro: Autorizar o gasto por importe de CENTO ONCE MIL TRESCENTOS VINTE EUROS (111.320,00), sendo o importe correspondente ao IVE de 19.320,00 euros.

Para a súa financiación aplicaranse os créditos do vixente orzamento do Concello de Vigo, incluídos na aplicación orzamentaria 1532.619.00.21 – Ampliación e humanización da estrada Porto, entre regato Quintián e o nº 77 (proxecto 17153221)

O Valor estimado do contrato estipúlase en NOVENTA E DOUS MIL EUROS (92.000€)

Cuarto.- Abrir o procedemento licitatorio para selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás nove horas e corenta e catro minutos. Como secretaria dou fé.

me.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,
Isaura Abelairas Rodríguez.

O ALCALDE
Abel Caballero Álvarez